



### **1.- Curso de Estatística con R**

---

A SGAPEIO, en colaboración coa Universidade de Vigo, organiza un curso de “**Estatística con R para profesorado de ensino medio**”. O curso, de carácter non presencial, realizarase a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (TEMA-FAITIC).

- Datás de celebración do curso: do 1 ao 31 de outubro de 2013 (40 horas lectivas).
- Prazo de inscrición: do 5 ao 15 de setembro de 2013.
- Cota de inscrición: a cota ordinaria é de 75€, e de 25€ para socios e socias da SGAPEIO e para persoas inscritas no XI congreso de SGAPEIO.

O curso consiste en sete unidades didácticas coas súas correspondentes tarefas que os alumnos deberán realizar. A cualificación do curso será a media das obtidas nas tarefas máis un exame conceptual tipo test realizado ao final (equivalente a unha tarefa).

Está en trámite o recoñecemento da Consellería de Educación como actividade de formación continua.

Toda a información do curso está na web da SGAPEIO: [www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es)

### **2.- Xornada sobre o ensino da Estatística**

---

Lembramos que está aberto a prazo de inscrición na **xornada sobre o ensino da Estatística** que organizan a SGAPEIO e AGAPEMA en colaboración con educaBarrié, e que terá lugar en A Coruña (9 de novembro) e en Vigo (16 de novembro).

Para inscribirse hai que cubrir un formulario que está dispoñible na páxina web da SGAPEIO:

<http://goo.gl/N0Pbse>

### **3.-Curso de Meta-análise en rede**

---

O *Centro Cochrane Iberoamericano* e a *Fundación de Investigación Biomédica do Hospital La Princesa* de Madrid organizan o curso “**Meta-análise en rede (network meta-analysis)**”, que se vai impartir os días 28 e 29 de novembro de 2013 en Madrid.

- Lugar: Hospital Universitario La Princesa, Madrid.
- Importe da matrícula: 250€.
- Período de inscrición: ata o 1 de novembro de 2013.

Máis información: <http://www.inmusc.eu/formacioacuten.html>

#### **4.- Curso de Estatística aplicada á investigación biomédica con R**

---

A Unidade de Bioestatística do *Instituto IMDEA Alimentación* organiza o curso “**Estatística Aplicada á Investigación Biomédica con R**”, que se vai celebrar en Madrid os días 25, 26 e 27 de setembro de 2013.

O obxectivo principal deste curso é proporcionar aos alumnos os coñecementos das Técnicas Estatísticas máis utilizadas dentro do campo das ciencias da saúde, da epidemioloxía e da investigación biomédica en xeral.

Máis información: <http://www.alimentacion.imdea.org/unidad-de-formacion>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>